



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

REGULAMENTO MUNICIPAL DE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS A REDE DE SUMIDOIROS

SECCIÓN I - VERTIDOS NON DOMÉSTICOS

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.

O presente título regula os vertidos non domésticos de augas residuais á rede municipal de sumidoiro procedentes das actividades que se desenvolve no termo municipal de MONDARIZ BALNEARIO (Pontevedra).

Os efectos do presente regulamento, considéranse vertidos non domésticos toda materia residual sólida, pastosa, líquida ou gaseosa, incluídas as augas de refrixeración, de lavado ou de proceso, resultantes da actividade manufactureira ou industrial ou de desenvolvemento, recuperación ou procesado de recursos naturais.

Artigo 2.

As normas contidas no presente título serán aplicables, a tódalas instalacións, establecementos, actividades, industrias ou almacéns, susceptibles de efectuar vertidos non domésticos de augas residuais, sexan públicos ou privados, calquera que sexa o seu titular, existentes ou que no futuro se establezan, cando estén enclavados no termo municipal. Denominaránse xenericamente "actividades".

Artigo 3.

O presente título contén as condicións e limitacións dos vertidos non domésticos tendo en consideración o seu efecto sobre a rede de sumidoiros, estacións depuradoras, medios receptores e o posible aproveitamento dos subproductos, así como impedindo a xeración de riscos para o persoal encargado do mantemento das instalacións e para a saúde pública.

Artigo 4.

Serán así mesmo aplicables ós dispositivos de evacuación de vertidos, ás acometidas á rede de sumidoiros e, en xeral as instalacións establecidas para esta finalidade, tanto as normas contidas nos instrumentos de planeamento urbanístico ou de urbanización, como as regulacións sectoriais que lles afecten.

En especial, toda actividade que use a rede pública de vertidoiro para evacuar os vertidos líquidos deberá dispor da correspondente identificación industrial.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

TITULO II CONDICIÓN DOS VERTIDOS

CAPITULO I- VERTIDOS PROHIBIDOS

Artigo 5.

Queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de sumidoiros augas residuais ou calquera outro tipo de desfeitos sólidos, pastosos, líquidos ou gaseosos que, por razón da súa natureza, propiedades e cantidade causen ou poidan causar, por si solos ou por interacción con outros desfeitos, algún ou varios dos seguintes efectos sobre a rede de sumidoiro.

a).- Formación de mezclas inflamables ou explosivas.

b).- Efectos corrosivos sobre os materiais constituíntes da rede municipal de sumidoiro, as súas instalacións, as instalacións e equipos das estacións depuradoras ou a alteración ou destrución dos procesos de depuración.

c).- Creación de condicións ambientais molestas, nocivas, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o acceso ou a labor do persoal encargado da limpeza, mantemento ou funcionamento das instalacións, ou poidan ocasionar calquera molestia ou perigo público e en concreto a formación de gases tóxicos nos colectores, que superen as concentracións máximas que se recollen no Anexo II do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

d).- Producción de sedimentos, incrustacións ou outras obstrucións físicas que dificulten o libre fluxo da auga polos colectores, obstaculicen os traballos de limpeza, conservación e reparación da rede de sumidoiros, como cinzas, borra, area, barro, palla, labra, vidro, plásticos, trapos, plumas, alquitrán, madeira, lixo, esterco, pezas metálicas, desperdicios de animais, pelo, vísceras, pezas de vaixelas, amianto, envases de calquer material e outras análogas, sexan enteiras ou trituradas.

Artigo 6.

Con carácter xeral queda totalmente prohibido verter directamente ou indirectamente á rede de sumidoiros calquera dos seguintes produtos:

1.- Mesturas explosivas. Entenderase como tales aqueles sólidos, líquidos, gases ou vapores que por razón da súa natureza ou cantidade sexan ou poidan ser suficientes, por si mesmos ou en presenza doutras substancias, de provocar ignición ou explosións. En ningún momento as medicións sucesivas



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

realizadas cun explosímetro no punto de descarga do vertido á rede municipal de sumidoiros deberán indicar valores superiores ó 5% do límite inferior de explosividade, así como unha medida realizada de forma illada non deberá superar nun 10% ó citado límite.

Prohíbense expresamente: os gases procedentes de motores de explosión, gasolina, queroseno, nafta, benceno, tolueno, xileno, éteres, trocoroetileno, aldehidos, cetonas, peróxidos, cloratos, percloratos, bromuros, carburos, hidruros, nitruros, sulfuros, disolventes orgánicos inmiscibles na auga e aceites volátiles.

2.- Residuos sólidos ou viscosos. Entenderanse como tales aqueles residuos que provoquen ou poidan provocar obstrucións da rede municipal de sumidoiros ou que poidan interferir no transporte das augas residuais. Inclúense os seguintes: graxas, tripas, tecidos animais, esterco, ósos, pelos, peles, carnazas, entrañas, sangue, plumas, cinzas, escouras, areas, cal apagado, residuos de formigóns e leitadas de cemento ou aglomerantes hidráulicos, fragmentos de pedra, mármore, metais, vidro, palla, serraduras, recortes de céspede, trapos, lúpulo, desfeitos de papel, madeiras, plástico, alcatrán así como residuos asfálticos e de procesos de combustións, aceites lubricantes usados, minerais ou sións, axentes espumantes e, en xeral, todos aqueles sólidos de calquera procedencia con tamaño superior a 1,5 centímetros en calquera das súas tres dimensións.

3.- Materias colorantes. Entenderase como materias colorantes aqueles sólidos, líquidos ou gases, tales como: tintas, vernices, lacas, pinturas, pigmentos e demais produtos afíns, que incorporados ás augas residuais as coloreas de tal forma que non poden eliminarse con ningún dos procesos de tratamento usuais que se empregan nas estacións depuradoras de augas residuais.

4.- Residuos corrosivos. Entenderase como tales aqueles sólidos, líquidos, gases ou vapores que provoquen corrosións ó longo da rede municipal de sumidoiros, tanto nos equipos como nas instalacións, capaces de reducir considerablemente a vida útil destas ou de producir avarías. Inclúense os seguintes: ácido clorhídrico, nítrico sulfúrico, carbónico, fórmico, acético, láctico e butírico, lixivias de sosa ou potasa, hidróxido amónico, carbonato sódico, augas de moi baixa salinidade e gases como o sulfuro de hidróxeno, cloro, fluoruro de hidróxeno, dióxido de carbono, dióxido de xofre e tódalas substancias que reaccionando coa auga formen solucións corrosivas, como os sulfatos e os cloruros.

5.- Residuos que produzan gases nocivos. Entenderase como tales os residuos que produzan gases nocivos na atmosfera da rede de sumidoiros, colectores e/ou emisarios en concentracións superiores ós límites seguintes:

Monóxido de carbono (CO).- 100 cc/m³ de aire.

Cloro (CL₂).- 1 cc/m³ de aire.

Sulfhídrico (SH₂).- 20 cc/m³ de aire.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Cianhídrico (CNH).- 10 cc/m³ de aire.

6.- Restos radioactivos ou isótopos de vida media ou concentración tal que poidan provocar danos nas instalacións e/ou perigo para o persoal de mantemento destas

7.- Substancias que poidan perturba-la boa marcha dunha instalación de depuración de augas residuais, inhibindo o proceso biolóxico da depuración.

8.- En xeral, todas aquelas substancias comprendidas en:

- Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no seu anexo.

- Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que aproba o Regulamento para execución da anterior Lei básica de residuos tóxicos e perigosos. Táboa número 4.

- Orde do 12 de novembro de 1987, sobre normativa aplicada a novas substancias nocivas e perigosas que poidan formar parte de determinados vertidos de augas residuais, nos seus anexos IX e XII.

- Orde do 13 de marzo de 1989 que se inclúe na anterior, nos seus anexos IX ó XII.

CAPÍTULO II.- VERTIDOS TOLERADOS

Artigo 7.

Tódalas actividades que vertan ou poidan verter á rede de sumidoiros substancias contaminantes á que fai referencia a relación I do Anexo ó Título III do Regulamento do Dominio Público Hidráulico deberán declarar as concentracións de vertido das referidas substancias, ós efectos de autorizar o vertido á rede de sumidoiros.

Queda prohibido verter, directamente ou indirectamente, ás instalacións municipais da rede de saneamento vertidos coas características ou con concentracións de contaminantes iguais ou superiores en todo momento ós expresados na seguinte relación:

Parámetro		Unidade
	Máximo instantáneo	
Temperatura	°C	40
Sólidos en suspensión		mg/l 600
Sólidos sedimentables	mg/l	5
pH		6 - 10



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

DB05	mg/l	600
DQO	mg/l	1.500
Aceites y grasas	mg/l	100
Fenoles	mg/l	5
Deterxentes aniónicos	mg/l	12
Aldehídos	mg/l	4
Pesticidas	mg/l	0.2
Cloruros (Cl-)	mg/l	2.000
Sulfatos(S04 2-)	mg/l	2.000
Sulfitos(S03 2-)	mg/l	10
Fluoruros (F-)	mg/l	10
Cianuros (CN-)	mg/l	1
Amoníaco (NH3)	mg/l	30
Nitratos (NO3-)	mg/l	20
Nitróxeno total Kjeldahl	mg/l	50
Fosfatos (P04 3-)	mg/l	60
Aluminio (Al)	mg/l	10
Arsénico (As)	mg/l	1
Bario (Ba)	mg/l	20
Boro (B)	mg/l	3
Cadmio (Cd)	mg/l	0.2
Cobalto (Co)	mg/l	0.2
Cobre (Cu)	mg/l	0.5
Cromo total (Cr)	mg/l	2
Cromo hexav. (Cr6+)	mg/l	0.5
Hierro (Fe)	mg/l	10
Manganeso (Mn)	mg/l	2
Mercurio (Hg)	mg/l	0.05
Molibdeno (Mo)	mg/l	0.02
Niquel (Ni)	mg/l	2
Plomo (Pb)	mg/l	0.7
Selenio (Se)	mg/l	0.5
Estaño (Sn)	mg/l	5
Zinc (Zn)	mg/l	5
Sulfuros	mg/l	5
Prata (Ag)	mg/l	2
Toxicidad	equitox/m3	25

Os límites para os metais pesados entenderanse como metais totais, non como metais disoltos.

Artigo 8.

Co fin de garantir un réxime de vertidos regular e continuo, quedan prohibidos aqueles vertidos periódicos ou espontáneos cando a súa concentración ou caudal excedan durante un prazo de quince minutos en máis de cinco veces o promedio de concentración ó caudal de vertido durante a xornada laboral.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Cando resulte necesario para o cumprimento do presente artigo, deberán instalarse pretratamentos de homoxeneización e neutralización e en particular depósitos de regulación.

CAPÍTULO III.- VERTIDOS ATÍPICOS

Artigo 9.

Será obrigatoria a adopción de medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de vertidos que infrinxan o establecido no presente regulamento.

De producirse unha situación de emerxencia ou de risco inminente, de producirse un vertido inusual, a persoa titular da actividade comunicará automaticamente o Concello de MONDARIZ BALNEARIO tal circunstancia a fin de adoptar as medidas oportunas de protección das instalacións públicas e dos medios receptores. Seguidamente remitirá ó Concello un informe detallado, no prazo de sete días, que conterá os seguintes datos:

- Características físico-químicas do vertido.
- Volumes de vertido.
- Duración.
- Lugar da descarga.
- Causas que a orixinaron.
- Medidas adoptadas e correccións para evitar a súa reprodución no futuro.

O Concello investigará as causas que motivaron a situación de emerxencia ou de risco, sen prexuízo das responsabilidades en que incurrise a persoa titular da actividade.

TÍTULO III

AUTORIZACIÓNS DE VERTIDO

CAPÍTULO I.- AUTORIZACIÓNS DE NOVAS INSTALACIÓNS

Artigo 10.

Tódalas solicitudes de licenza municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar vertidos de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros, deberán acompañarse da correspondente Autorización de Vertido e dunha copia da Declaración de vertidos presentada ante o Concello ou, de ser o caso, a empresa Concesionaria da xestión integral do Servicio Municipal de Saneamento.

A Autorización de Vertido será concedida polo Concello ou, de ser o caso, a



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

empresa Concesionaria, conforme á declaración de vertidos suBscrita polo peticionario e o técnico redactor competente, tendo un carácter xeral para tódolos vertidos líquidos producidos pola actividade.

A información descriptiva a aportar na Declaración de Vertidos de augas residuais á rede de sumidoiros incluírá os seguintes apartados:

A.- Datos xerais: nome da empresa, enderezo, actividade, número C.N.A.E. (3 díxitos), clase de actividade según o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (R.D. 849/86), turnos de fabricación, días productivos/ano e o N.I.F.

B.- Subministro de auga: caudal total anual, medio diario e máximo horario para os casos de abastecemento municipal ou autoabastecemento de augas superficiais ou subterránea.

C.- Materias primas, produtos e procesos: cantidades anuais de materias primas principais, produtos principais e aditivos empregados, denominación e descripción dos procesos que empregan auga, usos da auga, caudais e tempo de uso.

D.- Efluentes líquidos de vertido continuo: augas fecais, augas de refrixeración, augas de proceso e augas de lavado.

E.- Efluentes líquidos de vertido discontinuo: descripción do vertido líquido residual, proceso que o xenra, cantidade producida e horario das descargas.

F.- Sistema de seguridade para o caso de descargas accidentais.

A concesión de Autorizacións de vertido á rede estará condicionada á obtención da licenza municipal da instalación, para a actividade de que se trate e ó control preventivo do cumprimento do presente regulamento.

Nos proxectos de instalación de actividades afectadas polo R.A.M.I.N.P. que orixinen ou poidan orixinar vertidos non domésticos de augas residuais á rede de sumidoiros, a declaración de vertidos incluírá un estudio xustificativo sobre as medidas correctoras previstas para que os vertidos de augas residuais cumpran o estipulado no presente regulamento.

Este estudio conterá como mínimo:

a).- Usos da auga.

Baixo este epígrafe terán que recollerse, como mínimo, cada un dos distintos usos industriais da auga:

1. Caudais e características físico-químicas de cada un dos efluentes líquidos residuais sen tratar.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

2. Localización dos efluentes líquidos residuais (punto de conexión co saneamento ou coa instalación correctora), marcado no plano de planta.

b).- Medidas correctoras aplicadas.

Xustificarse que as características do total dos caudais empregados nas instalacións obxecto do proxecto de actividade cumpran os límites tolerados relacionados no artigo 13 do presente regulamento.

Esta xustificación conterá, cando menos, os seguintes apartados:

1. Tipo de tecnoloxía a empregar.
2. Descrición das instalacións de depuración ou eliminación para os efluentes líquidos xerados.
3. Localización das instalacións de depuración e eliminación, da arqueta ou rexistro individual do vertido líquido final ó saneamento municipal, grafitados no plano de pranta.
4. Características físico-químicas do vertido una vez tratado.

c) .- Información sobre os residuos perigosos xerados:

1. Residuos fungosos.
2. Aceites usados.
3. Outros residuos tóxicos e perigosos.
4. Destino que se lles dan ós subproductos orixinados na depuración, se os houbera, en función das súas características, segundo o estipulado no R.D. 833/1988, de 20 de xullo.

Cando os datos consignados na declaración de vertidos non estiveran debidamente acreditados ou existan indicios racionais de anomalías nos datos presentados, poderá requirirse ó interesado ou petionario, para que presente unha análise do vertido, realizado por un laboratorio homologado. O técnico redactor competente e o petionario serán responsables dos datos consignados na declaración de vertidos.

As actividades clasificadas que orixinen ou poidan orixinar vertidos directos de augas residuais a leitos ou a augas subterráneas, deberán solicitar a autorización de vertido de augas residuais ó órgano administrativo competente, con carácter previo á solicitude de licenza municipal de actividades e instalacións, debendo adxuntar o xustificante correspondente.

Artigo 11.

O permiso ou autorización de vertido á rede de sumidoiros estará condicionada pola comprobación do establecemento e á eficacia das medidas correctoras contidas no proxecto de instalación ou fixadas na licenza de instalación, para o que deberá dispor de licenza de apertura ou autorización de posta en marcha



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

de acordo, de ser caso, có procedemento establecido para a concesión de licencias de actividades clasificadas.

As solicitudes de Autorización de vertido formuladas polos interesados serán resoltas nun prazo máximo **dun mes** e coa maior celeridade posible. Na Autorización de vertido poderán establecerse limitacións e condicións con respecto ós valores máximos e medios permitidos das concentracións de contaminantes, características fisico-químicas das augas residuais vertidas, límites de caudal de vertido, horario das descargas, instalacións de depuración, frecuencia de mostras e medicións, mantemento, informes técnicos, libro de rexistro e condicións complementarias que garanten o cumprimento do presente regulamento.

A comprobación da declaración de vertidos líquidos é vinculante para a posta en marcha e funcionamento de cada actividade o industria clasificada, tendo a propia autorización de vertido carácter **provisional** ata a realización da citada comprobación polo Concello. Dita comprobación realizarase polo persoal competente (persoal municipal acreditado e/o persoal técnico da Concesionaria do servizo se é o caso), para o cal o peticionario da licenza de actividade ou industria clasificada disporá dun prazo de vinte días para solicitala logo da concesión da alta.

Cando sexa desfavorable a comprobación de vertidos líquidos, o Concello ou de ser o caso, a Concesionaria, dará de inmediato de baixa do servizo a actividade mentres non se subsanen as deficiencias observadas. A Declaración de Vertidos, a Autorización ou Permiso de Vertido e a Comprobación de vertidos líquidos son os documentos básicos para o control dos vertidos non domésticos de augas residuais. Coa comprobación de vertidos poderán anularse, modificarse ou ampliarse as condicións e as limitacións impostas na autorización de vertido. Toda a información acumulada será incluída no correspondente inventario ou rexistro de vertidos á rede de sumidoiros conxuntamente coa identificación industrial.

Artigo 12:

Cando pola natureza do vertido, se precisen ensaios posteriores ou comprobacións do funcionamento das instalacións, fixarase o prazo para efectuar os ensaios e comprobacións e, a súa finalización, a persoa interesada solicitará a Autorización de vertido.

Non obstante, tódalas autorizacións de vertido á rede de sumidoiros son revisables como máximo cada catro anos, podendo ser revocadas no caso de incumprimento das súas condicións, para o que deberán ser semellantes os datos procedentes do control municipal e aqueles procedentes do autocontrol da empresa.

Para realizar cambios no vertido con respecto os datos declarados, deberase



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

solicitar novamente autorización. O concello de MONDARIZ BALNEARIO poderá en calquera momento esixir os datos de autocontrol das actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento de auga igual ou superior ós 3.000 m³ durante o último ano, estando obrigados a levar nun rexistro, cando menos, os parámetros explicitados tanto na Autorización ou Permiso de Vertido, como na Comprobación de vertidos líquidos durante os últimos catro anos, para verificar que os vertidos non superen as limitacións establecidas no presente regulamento. Para isto, o titular da autorización de vertido tomará as mostras e realizará as análises correspondentes coa periodicidade fixada, remitíndoos anualmente o Concello de MONDARIZ BALNEARIO durante os primeiros catro anos.

Artigo 13.

A existencia de autorización de vertido será necesaria para formaliza-los contratos de subministro de auga ás actividades e para a concesión da licenza municipal de actividades e instalacións.

CAPÍTULO II.- INSTALACIÓNS EXISTENTES

Artigo 14.

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licenza municipal de actividades e instalacións no momento da entrada en vigor do presente regulamento, deberán axustarse ós límites e condicións de vertido da mesma no prazo dun ano prorrogable por outro ano máis, presentando previamente o proxecto de adaptación, se existen razóns que así o xustifiquen. Durante o indicado prazo deberán respectarse os límites fixados na normativa vixente con anterioridade.

Artigo 15.

As actividades ás que se refire o artigo anterior disporán dun prazo de seis meses para presentar ante o Concello, unha Declaración de vertidos na que se incluíra un estudo sobre o caudal e o seu réxime, concentración de sustancias e características para as que se establecen limitacións no presente regulamento, así como as medidas correctoras necesarias para adaptarse ás determinacións do presente regulamento, conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11 .

As instalacións en funcionamento e que dispoñan da licenza municipal de actividades e instalacións no momento de entrada en vigor do presente regulamento, que pretendan verter ó saneamento de nova construción, deberán presentar con carácter previo a correspondente declaración de vertidos, ós efectos da posible autorización de "vertido non doméstico", conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Tódalas actividades en funcionamento sen licencia municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar vertidos de augas residuais que pretendan verter á rede deberán solicitar a correspondente licencia municipal de actividades e instalacións, tramitándose conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11, e sen prexuízo do cumprimento da legalidade urbanística, especialmente no caso de aquelas actividades sometidas ó regulamento sobre actividades clasificadas.

CAPÍTULO III.- MODIFICACIÓN DE INSTALACIÓNS

Artigo 16.

No poderán autorizarse ampliacións ou modificacións nas instalacións existentes de non respectarse no conxunto das instalacións ampliadas ou modificadas as condicións esixidas para novas instalacións.

Artigo 17.

Calquera modificación que o titular dunha instalación desexe introducir nas materias primas, maquinaria, proceso productivo, sistema de depuración ou de saneamento que poida afectar ó réxime de vertidos á rede de sumidoiros, deberá pórse en coñecemento do Concello para a súa autorización ou impor, no seu caso, as oportunas correccións.

Artigo 18.

En todo caso, o Concello porá requirir ás actividades instaladas, para que procedan a corrixir as deficiencias que observasen a fin de cumprir as esixencias contidas no presente regulamento e nas mesmas condicións que as novas instalacións.

TÍTULO IV

CONTROL DE VERTIDOS

CAPÍTULO 1.- INSPECCIÓN DE VERTIDOS

Artigo 19.

O Concello de MONDARIZ BALNEARIO, a través dos seus servizos de inspección, exercerá de oficio a inspección e vixilancia periódica das actividades que vertan á rede de sumidoiros.

A inspección e vixilancia alcanzará as instalacións das actividades que poidan afectar á calidade dos vertidos e en especial ás arquetas de rexistro, ás conduccións de saneamento, ós procesos produtores de vertidos e as prantas de pretratamento e depuración de augas.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Artigo 20.

As visitas de inspección serán realizadas polo persoal inspector competente sen que se requira a previa advertencia ó titular da actividade.

Os titulares das actividades deberán facilita-la práctica da inspección e a tal fin, estarán obrigados ás seguintes actuacións:

a).- Facilita-lo acceso do persoal inspector ás distintas instalacións relacionadas có vertido así como á instalación e montaxe dos equipos e instrumental de control.

b).- Permitir a utilización de cantos instrumentos utilice a empresa coa finalidade de autocontrol, especialmente daqueles destinados para medida de caudais, toma de mostras e os correspondentes análises.

c).- Poñer a disposición do persoal inspector os datos, partes de traballo, analisis, libro de rexistros y canta información requiran en relación cá inspección.

Da inspección levantarase un acta por triplicado que firmarán o inspector e a persoa responsable da actividade no momento de realizarse a inspección e farase constar no libro de rexistro de visitas.

Poderase recoller unha mostra do vertido de augas residuais, por triplicado, que quedará precintada e etiquetada. Nese caso, conxuntamente entregárase ó interesado, có exemplar da acta de inspección, unha das mostras tomadas, deixándolle outra mostra en depósito para o posible análises dirimente.

Se no momento da inspección non estivese presente a persoa titular ou o responsable da actividade se negase á toma da mostra do vertido, esta quedará en depósito dispoñendo o interesado de 24 h., a partir da recollida oficial, para retirala.

Transcorrido este prazo decae no dereito a face-la análise contradictorio por tratarse dun produto que pode modificar as súas características físicas, químicas y biolóxicas có paso do tempo. No caso de facer análise contradictorio, deberá presentarse nas instalacións municipais có técnico analista designado nas 24 horas seguintes á recollida oficial, portando a mostra que obra no seu poder.

Finalizado este prazo tamén decae no seu dereito de facer dito análise. Os parámetros analíticos serán os especificados na comprobación de vertidos líquidos ou, no seu defecto, na autorización de vertidos, pero en todo caso deberán ser polo menos os seguintes: pH, Conductividade, Sólidos en suspensión, DBO5, DQO e Aceites e graxas.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Artigo 21.

Os titulares das actividades deberán remitir ó Concello un informe periódico no que se sinale a definición da carga contaminante que verten e incluírán ós caudais de vertido, a concentración de contaminantes, a duración e demais elementos necesarios para a súa definición.

A periodicidade do informe será a establecido en cada caso pola Alcaldía en atención ós resultados das inspeccións practicadas polo Concello e dos niveis de carga contaminante que se comprobén, así como do caudal vertido.

CAPÍTULO II.- MUESTREO DE VERTIDOS

Artigo 22.

Será obrigatoria a existencia de saneamento independente para cada actividade ata conectar coa rede municipal de sumidoiros e a tal fin, nas operacións de división de pabellóns existentes, mantendo a unidade parcelaria nas edificacións pegadas nunha mesma parcela deberán establecerse saneamentos independentes para cada unha das unidades edificadas.

Artigo 23.

Con independencia doutras arquetas comúns e antes destas, tódalas actividades, instalación industriais ou industrias que vertan a rede municipal de sumidoiros, disporán dunha única arqueta ou rexistro individual para o vertido das augas residuais nas que recolla todas aquelas que proveñen da actividade. Deberán estar dentro da parcela da súa propiedade, augas abaixo do punto de vertido, nun lugar accesible dende o exterior para os servizos de inspección, libre de todo obstáculo en adecuado estado de limpeza para a súa función.

As arquetas deberán ser tales que permitan a toma de mostras ó persoal dos Servizos Técnicos Municipais, a recollida de mostras e a determinación do caudal vertido.

Artigo 24.

As actividades en funcionamento a entrada en vigor desta ordenanza disporán de SEIS meses para a instalación da arqueta para a toma de mostras nas condicións establecidas no presente regulamento. Esta esixencia deberana cumprir estrictamente tódalas actividades que pertencen a algún dos grupos seguintes:

1.- Actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento igual ou superior a 3.000 m³ durante o pasado ano.

2.- Actividades que superen, ou poidan superar, nalgún momento algunha



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

das limitacións contempladas no artigo 7 deste regulamento.

Este prazo ampliarase a UN ANO para aquelas actividades que precisen realizar obras de independización das redes de saneamento común a varias actividades, ou que precisen realizar obras para unificar os vertidos dunha soa actividade nunha única arqueta.

Artigo 25.

Cando o caudal e a carga contaminante do vertido o fagan aconsellable para un control continuo de determinadas actividades especialmente contaminantes, o Concello esixirá a instalación dos equipos de medición de aforo, toma de mostra e control que sexan precisos.

Estes equipos de alerta, que serán propiedade dos titulares das actividades, instalaranse nun lugar que o Concello sinale e deberán atoparse nun adecuado estado de conservación.

Artigo 26.

A técnica na toma de mostras variará segundo a determinación a realizar. Para vertidos prohibidos a toma de mostras poderá ser instantánea, tomada en calquer punto da instalación de saneamento e en calquera momento.

Para vertidos tolerados a toma de mostras realizarase na arqueta final de vertido, terá unha duración mínima dunha hora e será proporcional ó tempo de vertido. Farase de acordo cós estándares internacionais ISO 5667-10 ou norma equivalente.

CAPITULO III.- CONTROL ANALÍTICO DE VERTIDOS

Artigo 27.

As mostras recollidas polos servizos municipais de inspección analizaranse inicialmente no laboratorio municipal. Non obstante, o persoal inspector poderá determinar "in situ" aqueles parámetros que poidan ser analizados desde modo mediante técnicas normalizadas, o que se reflexará na correspondente acta.

Artigo 28.

As análises para comproba-las características dos vertidos efectuaranse de acordo cós métodos patrón adoptados polo laboratorio, conforme ó disposto na lexislación sobre métodos oficiais para augas, ou, no seu caso, nos métodos descritos nos "*Standard methods for the examination of water an wastewater*".

Artigo 29.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

No caso de desconformidade cós resultados da mostra inicial, a persoa interesada poderá realizar unha análise contradictorio cá mostra que obra no seu poder debidamente precintada.

A tal fin o interesado disporá dun prazo de oito días dende a recepción dos resultados obtidos no laboratorio, para notificar que un laboratorio homologado ou admitido previamente polo Concello aceptou a mostra.

A persoa interesada disporá do prazo dun mes, dende a notificación do análise do laboratorio homologado, para presentar ó Concello os resultados analíticos. Si non se presentase o análisis en dito prazo, darase como válido o resultado do análises inicial.

Artigo 30.

No caso de que os resultados da análise inicial e da análise contradictoria non fosen coincidentes en canto ó cumprimento ou non dos límites de vertido fixados neste regulamento, procederase á realización dunha análise dirimente.

Esta análise practicarase nun laboratorio homologado que designe o Concello.

A análise realizarase sobre a mostra dirimente precintada que obre en poder do Concello conforme ó procedemento o que fan referencia os artigos 20 e 26.

Os resultados desta análise determinarán o cumprimento o incumprimento dos límites marcados no presente regulamento, sendo o custe da análise abonada por quen presente a análise non coincidente cá análise dirimente.

TÍTULO V

SUSPENSIÓN DE VERTIDOS Y DE ACTIVIDADES, INFRACCIÓNS Y SANCIONES

Artigo 31.

Considéranse infraccións administrativas, en relación co presente Regulamento de vertidos, as accións ou omisións contrarias ó establecido nel.

- Omitir información ós servizos municipais sobre as características da descarga do vertido ou sobre os cambios que lle afectan á natureza.

- Utilización do servizos da rede de sumidoiros carecendo da autorización ou permiso de vertido.

- A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións non autorizadas, ou distintas ás aprobadas para o permiso de vertido, así como o desprecintado ou anulación dos que subministrasen os servizos municipais.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

- O incumprimento dos prazos de adaptación das actividades existentes ás esixencias que se establecen no presente regulamento.
- A obstaculización á función inspectora dos servizos municipais.
- Calquera incumprimento do disposto neste Regulamento e non incluído expresamente neste artigo.
- A construción e a modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede e de instalacións anexas a ela, aínda que uns e outros fosen propiedade particular, sen obte-la licenza municipal previa de conexión á rede de sumidoiros ou sen axustarse ás condicións sinaladas nas que foi concibida, ou ás disposicións deste Regulamento, así como sen o permiso de vertido, en caso necesario.
- Os danos á rede de sumidoiros, as súas acometidas, obras e instalacións de toda clase, xa sexan causados maliciosamente ou por negligencia.
- A falta de comunicación da situación de emerxencia e/ou a infracción de calquera das prescricións dictadas, como consecuencia de declararse esa situación segundo os recibidos.
- Omisión ou a demora na instalación dos tratamentos depuradores esixidos polos servizos municipais, así como a falta da instalación, funcionamento e mantemento de tódolos seus equipos, en especial os dispositivos fixos de aforamento de caudais, toma de mostras e aparellos de medición, a que se fai referencia neste regulamento.
- Realizar vertidos afectados por limitacións sen respectar estas.
- Realizar vertidos prohibidos, segundo o establecido no articulado do presente regulamento.

Artigo 32.

As faltas serán sancionadas con multas de ata 3.000 € e clausura temporal ou definitiva das instalacións.

A imposición de sancións non exclúe en ningún caso a obrigação da persoa titular da actividade de reparar o dano causado e de responder dos danos producidos nas instalacións municipais. Neste último caso, a reparación será resolta polo Concello de Mondariz Balneario con cargo o infractor. No caso que non se puidera repoñer ó seu estado anterior, o infractor deberá indemnizar polos danos e prexuízos ocasionados.

Estas multas impórnanse sen mingua nin prexuízo das sancións superiores autorizadas legalmente pola autoridade competente e sen detrimento de esixir, cando proceda, as indemnizacións correspondentes por danos e perdas, e responsabilidade civil e ou penal.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Para gradua-la contía da sanción, terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a intencionalidade, a reincidencia e as demais circunstancias concorrentes.

Artigo 33.

1. A potestade sancionadora e correctora correspóndelle ó Alcalde ou á autoridade na que delegue.
2. O Concello ou, de ser o caso, a empresa adxudicataria do servicio, poderá suspender provisionalmente a execución das obras e instalacións que contraveñan o disposto neste regulamento, así como impedir tamén provisionalmente o uso indebido das instalacións municipais. Esta medida deberá adoptarse mediante requirimento individual e por escrito, o que, para mante-la súa eficacia, deberá ser ratificado dentro dos cinco días hábiles seguintes polo alcalde ou a autoridade na que delegue.
3. Contra a referida suspensión provisional e contra a ratificación desta, adoptada pola autoridade delegada, poderase interpoñer recurso de alzada diante do alcalde, independentemente de calquera outro que proceda legalmente.

Artigo 34.

No caso de vulneración das disposicións do presente regulamento e con independencia da imposición das sancións procedentes, o Concello, coa finalidade de suprimi-los efectos da infracción e restaura-la situación de legalidade, poderá adoptar algunha ou algunhas das disposicións seguintes:

- a) A suspensión dos traballos de execución das obras de acometida ou de instalación de pretratamento indebidamente realizadas.
- b) Requirirille ó infractor para que, no termo que se sinale, introduza nas obras e nas instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións do permiso ou ás disposicións deste regulamento e/ou, se é o caso, proceda á reposición das obras e das instalacións indebidamente efectuadas, ó seu estado anterior.
- c) A imposición ó usuario das medidas técnicas necesarias que garanten o cumprimento das limitacións consignadas no permiso de vertido evitando o efluente anómalo.
- d) A introducción de medidas correctoras concretas nas instalacións con tal de evita-lo incumprimento das prescricións deste regulamento e a redacción, se é o caso do proxecto correspondente dentro do termo que fixe a administración.
- e) A clausura ou precinto das instalacións no caso de que non sexa posible técnica ou economicamente evita-la infracción mediante as oportunas medidas correctoras.
- f) A caducidade do permiso de vertido á rede de sumidoiros no caso de contumacia no incumprimento das condicións deste regulamento.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

g) A reposición dos danos e perdas ocasionados ás instalacións, obras anexas ou calquera outro ben do patrimonio municipal que resultase danado.

TÍTULO VI

NORMAS ADICIONAIS DE PROTECCIÓN, REXISTRO DE VERTIDOS, RÉXIME FISCAL.

Artigo 35.

Na elaboración de plans que desenvolven o planeamento de MONDARIZ BALNEARIO, que afecten a zonas onde se localicen actividades industriais, será preceptivo un estudo técnico sobre a previsible contaminación por vertidos residuais.

Artigo 36.

A non presentación da oportuna Declaración de vertidos non exime da obrigación de establecer as medidas correctoras que procedan, esixibles de acordo ca normativa xeral e as normas contidas neste reglamento.

Artigo 37.

O Concello de MONDARIZ BALNEARIO elaborará un inventario ou rexistro de vertidos conforme ás declaracións de vertidos, autorizacións de vertido e comprobacións de vertidos, co obxecto de identificar, clasificar e regular os vertidos non domésticos de augas residuais.

De acordo co anterior rexistro e o que resulte das comprobacións efectuadas, o Concello de MONDARIZ BALNEARIO cuantificará periodicamente as diversas clases de vertidos.

Artigo 38.

Mediante a correspondente Ordenanza Fiscal Municipal, os titulares dos vertidos das augas residuais satisfarán a tasa ou canon de vertido que se fixe.

SECCIÓN II - VERTIDOS DOMÉSTICOS

Artigo 39.

Todo usuario que consuma auga ben do servizo municipal ou ben doutro tipo de subministración, deberá conectarse ás instalacións municipais de rede de sumidoiros e saneamento.

Artigo 40.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Os usuarios domésticos non precisarán, para obter a licenza de conexión á rede de sumidoiros, do permiso de vertido.

Artigo 41.

Cando non exista sumidoiro público fronte ó predio no solo urbano, o propietario deberá conducir as augas ó dito sumidoiro mediante a construción dunha prolongación da rede de sumidoiros. Esta poderán construíla mancomunadamente tódolos propietarios dos predios situados no dito tramo.

Esta prolongación deberá axustarse ás aliñacións e rasantes dos viarios previstos no planeamento vixente, sendo admisible nos casos debidamente xustificadas, a súa execución con carácter provisional, para ser substituída pola instalación definitiva sen dereito a indemnización para o particular.

Artigo 42.

Se o predio ten fachada a máis dunha vía pública, o propietario poderá escolle-lo sumidoiro público ó que teña que desaugar aquela, salvo que existan razóns técnicas que llo impidan.

Artigo 43.

1. A limpeza e a reparación dos desaugadoiros particulares realizarana os seus propietarios, trala obtención da oportuna autorización municipal. Non obstante poderán solicitar que os ditos traballos sexan realizados polo Concello cos gastos a cargo daqueles.

2. Cando se observase algunha anomalía ou fallo que fixese necesario algunha obra de reparación ou limpeza das acometidas de calquera clase, requiriríase ó propietario para que a execute, no prazo que se sinale. Pasado este, sen que a realice, a administración municipal poderá proceder á dita limpeza ou reparación con cargo ó propietario titular da acometida.

3. A reparación ou a limpeza pola administración municipal á que se refiren os parágrafos anteriores, comprenderá tan só o tramo de desaugadoiro situado na vía pública, e correspondéndolle ó propietario e os tramo correspondente ó interior do predio.

Artigo 44.

As augas residuais dun edificio conduciranse ó sumidoiro público a través da chamada acometida, que consta dunha arqueta de rexistro arrimada á liña de fachada e dun conducto transversal á rúa, desde a dita arqueta ata o sumidoiro público. Como regra xeral os conductos das augas residuais discorrerán por unha franxa distinta daquela que sirva para os conductos de abastecemento de auga, e de acordo coas normas técnicas municipais.

Artigo 45.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

1. Quen obtivese a licencia para a construción dunha prolongación da rede de sumidoiros e, sempre que a sección e o caudal o permitan, queda obrigado a admitir nela auga pública e as procedentes dos predios daqueles particulares que obteñan a autorización municipal correspondente, para a que previamente han de asumir a obrigaçón de contribuír ós gastos ocasionados pola construción da prolongación e os que orixina a súa conservación, de maneira que o custo dunha e doutra os soporten os que utilizan.

2. O Concello, ó varia-la disposición das vías públicas, poderá ordena-la modificación ou a variación do emprazamento das acometidas sen que os interesados teñan dereito a ningunha indemnización. As obras serán a cargo do Concello, conservando sempre as mesmas condicións de evacuación do edificio.

Artigo 46.

Cando o nivel do desaugadoiro particular non permita a condución ó sumidoiro pola gravidade, a elevación deberá realizala o propietario do predio.

En ningún caso poderá esixirse á administración local xestora responsabilidades polo feito de que a través do sumidoiro de desaugadoiro poidan penetrar nun predio particular augas procedentes do sumidoiro público.

Artigo 47.

1. Ó levarse a cabo as obras de construción de novos sumidoiros públicos, anularanse tódolos desaugadoiros particulares que, con carácter provisional (prolongacións ou empalme delas), se autorizasen para os predios situados fronte a aqueles, sendo obrigatorio o empalme directo a estes.

Artigo 48.

Mediante á correspondente Ordenanza Fiscal Municipal, os titulares dos vertidos das augas residuais satisfarán a taxa ou canon de vertido que se fixe.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- Aprobada polo Pleno en sesión de 28 de abril de 2005.
- Publicado no BOP nº 143, de 27 de xullo de 2005.